



## ANEXO

### **CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLARÍA DE POLÍTICA SOCIAL, A FEDERACIÓN GALLEGA DE BANCOS DE ALIMENTOS E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O ESTABLECEMENTO DUNHA COORDINACIÓN NA ENTREGA DE ALIMENTOS ÁS FAMILIAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE E CON MENORES**

#### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

Arturo Parrado Puente, director xeral de Inclusión Social da Consellaría de Política Social,

#### **DECLARA:**

Que a Consellaría de Política Social ten previsto formalizar coa Federación Gallega de Bancos de Alimentos e a FEGAMP o convenio marco de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de agosto de 2017.

Que o convenio marco de colaboración ten por obxecto establecer un procedemento de actuación que determine a coordinación para a entrega de alimentos ás familias en situación de vulnerabilidade e con menores a cargo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes a respecto da consecución do obxecto referido.





Que o convenio marco de colaboración que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A situación de crise económica dos últimos anos motiva que moitas familias teñan problemas para cubrir as súas necesidades básicas por falla de recursos económicos, situación que ten unhas graves consecuencias se afecta á alimentación dos e das menores.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de cumprir co disposto no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 9 de xuño de 2017.

